



CINE E SAÚDE

PROGRAMA

XUSTIFICACIÓN:

No inicio do consumo de tabaco e alcohol están presentes unha serie de procesos cognitivos. Na preadolescencia póñense en marcha moitos deses procesos. En función deles, o individuo toma decisións, manexa a información cun determinado estilo, e compórtase dunha determinada maneira. O feito de que a maioría da poboación adulta consumidora de substancias, tanto legais como ilegais, as probou ao longo da adolescencia, converte esta etapa da vida no centro de atención. O programa de Cine e Saúde xurde da necesidade de estruturar un programa de accións preventivas no eido escolar a través da Educación en Valores, seguindo os criterios do Plan de Trastornos Adictivos de Galicia 2011- 2016, da Estratexia Nacional sobre Drogas 2009-2016 e do Observatorio Europeo de Drogodependencias e Toxicomanías (OEDT).

OBXECTIVOS:

A finalidade do programa é promover a adopción de estilos de vida saudables entre a poboación escolar, reducir ou eliminar a incidencia dos diversos factores de risco e potenciar factores de protección fronte ás condutas de uso e/ou de abuso de drogas.

Os obxectivos específicos son os seguintes:

- Mellorar a calidade da información do alumnado sobre as drogas, os seus efectos e riscos que derivan do seu uso.
- Favorecer o desenvolvemento de actitudes e valores favorecedores da saúde e a ocupación enriquecedora do tempo libre.
- Contrarrestar a influencia de factores que favorecen a aparición de problemas de consumo, tales como a falta de información, a subxectividade ou crenzas de autoprotección e resistencia ao dano.
- Fortalecer recursos persoais para manexarse adecuadamente en situacións de grupo relacionadas co consumo de drogas.

DESTINATARIOS:

Alumnado do 2º e 3º ciclo de EPO e alumnado do 1º ciclo da ESO e o profesorado.

METODOLOXÍA:

O cine convértese en ferramenta pedagóxica e eixe dinamizador dos contidos do programa, mediante unidades didácticas que dispoñen dun “Manual do profesorado” que explica a base teórica, os obxectivos, a información e a descrición das actividades que debe realizar o alumnado, e dun “Caderno do alumnado”, con información, exercicios e actividades.

DURACIÓN:

O programa consta de tres unidades para traballar en cada trimestre do curso académico, cunha duración media de entre 3-4 horas por unidade. O programa recolle o visionamento dunha película e o desenvolvemento da súa correspondente unidade didáctica en cada un dos tres trimestres lectivos. A temporalización das proxeccións é unha por cada trimestre do curso escolar (adaptado a disnibilidade de cada centro escolar).

CONTIDOS:

- Visionamento de tres películas durante o curso (dependendo da disnibilidade de cada centro escolar).
- Desenvolvemento das unidades didácticas correspondentes a cada película.
- Curso de formación do profesorado que participa no programa.